

No momento da adopción, o adoptante acepta aboar corenta (40,00) euros correspondentes ó importe do microchip e facer un donativo de € ou asociarse a O Jaticán.

A *ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS O JATICÁN*, a partir da sinatura deste contrato, non se responsabiliza do animal, como así se especifica na cláusula de exoneración.

Cláusula de exoneración: o adoptante, por medio da presente, afirma estar ó tanto das seguintes consideracións:

- 1- Os animais reaccionan de maneira distinta ós seres humanos.
- 2- As reaccións dos animais son, ás veces, impredecibles.
- 3- Os animais deben ser supervisados de cerca cando están con nen@s.
- 4- O comportamento dun animal pode cambiar ó adaptarse ó seu novo fogar.
- 5- A *ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS O JATICÁN* non fai ningunha afirmación nin aseveración con respecto ó temperamento, saúde futura ou capacidade mental do animal dado en adopción.

Pola presente, eu, acepto a tenencia e custodia do mencionado animal baixo as condicións do actual contrato de adopción, como tamén a responsabilidade polo coidado do animal identificado anteriormente, e pola presente exonero e exculpo á *ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS O JATICÁN* de agora en adiante, de calquera responsabilidade por danos, lesións ou prexuízos causados a persoas ou propiedades polo animal, e de calquera acción, esixencia, reclamo, litixio ou demanda que poidera xurdir como resultado de tales lesións, danos ou prexuízos.

E para que así conste a todos os efectos, asinan:

O ADOPTANTE:

O JATICAN:

En Vigo, a de de

ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS O JATICÁN

www.ojatican.org

670 953 709

ojatican@ojatican.org